




Concello de
Camariñas



Axudas económicas para o pagamento de parte da factura eléctrica, a través do Ticket Eléctrico Social de Galicia para o 2º semestre de 2015 e o 1º semestre do 2016, para as unidades de convivencia con menores ou con algun membro con discapacidade ou invalidez e cuxos ingresos non superen 1,5 veces o IPREM (9585,19 €/ano).

O Instituto Enerxético de Galicia convoca axudas económicas para o pagamento de parte da factura da luz, a través do *ticket eléctrico social de Galicia* para o segundo semestre de 2015 e primeiro semestre do 2016, para as familias con fillos menores a cargo ou con algún membro con discapacidade ou invalidez e, cuxos ingresos non superen 1,5 veces o IPREM (9585,19 €/ano).

Finalidade: Conceder un ticket eléctrico social ás familias que convivan con fillos menores de 18 anos ou con algún membro con discapacitado ou invalidez e, nas cales a **suma dos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM (9585,19 €/ano).**

Requisitos e contía da axuda:

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter fillos menores a cargo ou ter un membro con discapacidade ou invalidez
- Ser o pagador da correspondente factura de enerxía eléctrica.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.
- Só se poderá presentar unha única solicitude por unidade de convivencia.
- Establécese unha **Contía de 180 €/ano** e, ata **300 €/ano** se é familia numerosa.

Documentación:

- Os orixinais dos DNI de todos os convivintes da unidade de convivencia.
- O orixinal do libro de familia, de ter menores a cargo.
- O **volante** de empadramento colectivo (este é gratuíto e se pide no Concello)
- As declaracións da renda do ano 2014 de todos os convivintes ou certificados de imputación de rendas do dito ano.
- Os orixinais das facturas dos correspondentes semestres e xustificantes bancarios do pagamento destas (**facturas cuxo período de lectura estea entre o 01/07/2015 e o 30/06/2016**); as ditas facturas deberán estar a nome do solicitante.
- O orixinal do título de familia numerosa, se é o caso.
- Os orixinais dos certificados de discapacidade ou do recoñecemento de invalidez en calquera grao.

Prazo e Lugar de solicitude: Ata o día **31 de xullo de 2016** ou, antes de finalizar o dito prazo, se se esgotase o crédito establecido na convocatoria; a solicitude achegarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, ou, <http://ticketelectrico.xunta.es>; será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia; ou, se non dispón destes documentos, nos servizos sociais de atención primaria do Concello de Camariñas; deberá pedir cita previa chamando ao telef.: 981-73 70 04.

Camariñas, 18 de xaneiro de 2016
A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade
Sandra Insua Rial